



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

**PREGOS PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN NA
CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO
SUBMINISTRO DE
“SOPORTE PARA COLECTORES DE R.S.U.”**

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego ten por obxecto a contratación do subministro e instalación de soportes para colectores de R.S.U. no concello de A Estrada, para impedir que os colectores se despracen do seu emprazamento, ben por efecto do vento, pendente do terreo, ou pola acción de terceiros, provocando así prexuízos aos veciños así como ao servizo de recollida do lixo.

2. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO PRODUTO A SUBMINISTRAR

As características que se definen neste prego son básicas e a título orientativo, debendo cada ofertante especificar na súa documentación as características propias do soporte ofertado.

O soporte deberá ser de aceiro cincado electrolítico con imprimación epoxi e pintura de poliéster en pó.

Estará constituído por un chasis e brazo abatible frontal, de dimensións axeitadas segundo a capacidade dos colectores.

O cor será gris.

O subministro inclúe a instalación dos soportes e formación de soleira de empotramento nos lugares a determinar polo Concello

A instalación dos soportes no terreo, será encaixado en soleira de 1,50x1,50x0,15 m de formigón HM-20/P/20 Ila N/mm², T_{max} do arído 20 mm elaborado en central, i/vertedura e compactado e fratasado. Segundo EHE-80.

A colocación dos soportes para colectores e a formación da soleira de empotramento deberá cumprir as condicións de accesibilidade.

Os soportes deberán estar provistos das imaxes corporativa do concello de A Estrada e a Deputación de Pontevedra que serán facilitados polo contratista.

3. REQUIRIMENTOS DOCUMENTAIS

Na oferta para presentar polos licitadores achegarase unha memoria técnica que faga referencia ás especificacións que se detallan nos apartados anteriores, con canta documentación gráfica sexa necesaria, indicando como mínimo as seguintes características técnicas:

- ✓ Memoria que describa detalladamente, con tanta documentación gráfica se necesaria, as especificacións técnicas do subministro conforme ás características detalladas no presente prego.
- ✓ Sistema construtivo e de fabricación, con materiais de construción, espesores, calidades, acabados, etc.

4. PREZO DO CONTRATO

As ofertas presentarán prezos unitarios dos soportes e a súa instalación é de 355,00 €, máis o 21 % de IVE o que fai un importe de 429,55, ata alcanzar o importe total do presente contrato que é de 53.250,00 €, máis o 21 % de IVE o que fai un importe total de 64.432,50 €.

5. OBRIGAS DO CONTRATISTA

Será por conta do adxudicatario:

- O desprazamento dos soportes obxecto do contrato ata o concello de A Estrada
- O subministro inclúe a instalación dos soportes e formación de soleira de empotramento nos lugares a determinar polo Concello de A Estrada
- Persoa responsable do subministro que faga de interlocutor coa administración

6. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de entrega do subministro será de 2 mes, iniciándose o seu cómputo dende o día seguinte da formalización do contrato.

7. PRAZO DE GARANTÍA, REPARACIÓNS E MATERIAIS

Prazo de garantía mínimo de dous anos contra todo tipo de defectos ou deformacións polo uso habitual dos mesmos.

Dentro de este prazo, o adxudicatario asumirá integramente a responsabilidade do funcionamento de todos os compoñentes aínda cando non sexa o seu fabricante.

Durante o período de garantía o adxudicatario substituíra ou arranxará calquera compoñente deteriorado, ou incluso o soporte completo. A garantía comprende os gastos de man de obra e materiais. As reparacións ou substitucións faranse nun tempo mínimo.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos, o Concello da Estrada terá dereito a reclamar ao adxudicatario a reposición dos bens inadecuados ou a reparación dos mesmos, se fora suficiente, a xuízo do primeiro.

O adxudicatario comprométese a revisión periódica do control de funcionamento, axustes, calibracións e outras operacións necesarias para o correcto funcionamento dos soportes durante o prazo de garantía.

O servizo de asistencia técnica resolverá cantos problemas técnicos lle plantexe o concello de A Estrada en relación da óptima explotación dos soportes e, en particular atendendo a toda clase de consultas sobre prevención e reparacións de avarías.

A firma subministradora verase obrigada a manter durante os 10 anos os repostos necesarios para a súa reposición nos modelos ofertados.

O adxudicatario comprométese, en caso de ser requirido polo concello de A Estrada a formar durante o tempo necesario, con persoal técnico cualificado, ó persoal de mantemento que designe o Concello.

A formación realizarase nas instalacións do concello, e os gastos da formación e estancia dos técnicos encargados de impartir a formación, correrán en todo caso por conta do adxudicatario.

8. RECEPCION DOS SOPORTES

A recepción definitiva dos soportes farase cando estesen perfectamente montados e asentados, nos lugares a indicar polo Concello.

* Documento con sinatura electrónica.